



## CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES E A ASOCIACIÓN NACIONAL DE PERITAXE SOCIAL PARA A COLABORACIÓN NA EMISIÓN DE INFORMES PERICIAIS DE TRABALLO SOCIAL

### MEMORIA XUSTIFICATIVA

A Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes é o órgano da Administración Autonómica que ten atribuído o exercicio das competencias en materia de Xustiza en virtude do artigo 20 do Estatuto de autonomía de Galicia, aprobado pola Lei Orgánica 1/1981, do 6 de abril. É desexo desta Consellería a realización de todas aquelas actuacións coas que poida acadarse a maior eficacia en relación cos temas da Administración de Xustiza en xeral, segundo as funcións que lle atribúe o Decreto 136/2024, do 20 de maio, que establece a súa estrutura orgánica.

No mencionado ámbito material, constitúe un dos obxectivos do presente Convenio coa Asociación Nacional de Peritaxe Social a elaboración de ditames periciais de traballo social a solicitude dos órganos xudiciais de familia de modo que se poida superar o atraso acumulado.

### ANTECEDENTES

Os equipos psicosociais do Instituto de Medicina Legal de Galicia (IMELGA) créanse a partir da incorporación ao mesmo dos psicólogos con destino nos xulgados de familia que existían na Coruña e Pontevedra, así coma o que estaba adscrito á Clínica Forense de Vigo. O desenvolvemento lexislativo en materia de violencia de xénero propiciou a creación de prazas de psicólogos e traballadores sociais en todas as subdireccións do IMELGA e a dotación ás poboacións máis grandes (A Coruña e Vigo) dun segundo equipo de profesionais. Así, no ano 2006 (ano de creación do IMELGA), o corpo de psicólogos e traballadores sociais do Instituto de Medicina Legal de Galicia estaba formado por 10 psicólogos e 9 traballadores sociais, ao que se sumou ao ano seguinte, con destino en Ourense, outro psicólogo máis.

En materia de familia, os equipos iniciais quedaron inmediatamente desbordados, vendo subitamente incrementado o número de xulgados que tiñan que atender e, polo tanto, o número de asuntos, tendo que dar resposta ás demandas de todo o territorio da Subdirección do IMELGA na que quedaron incorporados. Incluso nos territorios onde se contaba cun segundo equipo os peritos non puideron asumir a gran demanda de valoración nesta materia, á que se sumaban outras solicitudes de informes periciais, con especial significación da ligada á xustiza penal (violencia de xénero, credibilidade da testemuña en menores abusados, dano psíquico, imputabilidade, acoso etc).

Dirección Xeral de Xustiza  
R/ Madrid 2-4, 2ª planta  
15781 Santiago de Compostela





Nestes anos non só aumentou o tipo de valoracións que se solicitan a estes equipos, sendo cada vez máis frecuente que os xulgados e tribunais acudan a eles para concretar algunha circunstancia importante para a toma de decisións e/ou para especificar os danos sufridos como consecuencia da situación que se dirime ante o Tribunal, senón que tamén se produciu un incremento no número total de demandas, estando deste xeito ante unha escalada, tanto por tipo de periciais como en números globais.

As peticións que atenden os equipos psicosociais van moito mais alá das que se tiñan previstas nos tempos da súa creación, de modo que a relación de postos de traballo axiña se revelou completamente desaxustada ás exigencias reais. Se a todo o anterior lle engadimos as novas demandas de inmediatez que xorden dos cambios legislativos e da propia presión da sociedade, atopamos unha situación gravemente disfuncional, con listas de espera en todas as subdireccións do IMELGA, superiores ao ano nalgúns territorios, e incluso con demoras de varios meses para as demandas que, pola súa propia natureza (como as causas con preso), son de carácter urxente.

Tentáronse moitos esforzos para solucionar o problema, intervindo naqueles lugares onde o atraso era maior coa incorporación de equipos de reforzo, pero esta medida revelou insuficiente por varias razóns:

- Os equipos de reforzo non foron suficientes para alcanzar os obxectivos fixados, o que fixo que a lista de espera seguise medrando.
- O desaxuste entre a demanda pericial e a capacidade dos equipos seguiu incrementado, de modo que a incorporación de novos profesionais non lograba equilibrar a carga de traballo.

Esta situación de saturación está a afectar á totalidade da Administración de Xustiza, segundo clarifican os datos publicados polo Consello Xeral do Poder Xudicial respecto ao funcionamento da Administración de Xustiza en Galicia: os xulgados e tribunais galegos rexistraron no ano 2023 un total de 348.249 novos asuntos, o que supuxo un incremento do 5,0% con respecto ao ano 2022. A taxa de litixiosidade foi de 129,0 asuntos por cada 1.000 habitantes. A 31 de decembro de 2023, os órganos xudiciais tiñan 195.704 asuntos en trámite, un 17,05% máis que na mesma data do ano anterior. Na xurisdición civil, na cal se encadran os xulgados de familia, o ingreso de procedementos aumentou un 7,2% no ano 2023 en comparación co ano 2022, coa entrada de 162.195 novos casos. En particular, entre xaneiro e decembro de 2023, os xulgados de familia galegos resolveron 13.857 asuntos, en contraposición aos 14.733 resoltos no ano anterior, o que supón un 5,95% menos, ao que se suma unha cifra de asuntos pendentes a finais do exercicio que supera nun 19% a da anualidade de 2022.





Esta situación afecta sensiblemente ás familias que teñen pendentes resolucións nos xulgados relativas a garda e custodia dos fillos, pensións de manutención, réxime de visitas, incapacidades etc., dando lugar a cuestións ante as que de debe actuar coa maior celeridade e urxencia, pois calquera atraso nestes ámbitos, por mínimo que sexa, repercute en situacións de alta complexidade emocional (como poden ser as modificacións do réxime de custodia, a retirada de Punto de Encontro Familiar ou PEF para normalizar as visitas cos fillos, a regulación de medidas paternofiliais tras un divorcio...).

Seguindo o modelo xa establecido polo Ministerio de Xustiza para, entre outras cuestións, a emisión de informes periciais, o presente Convenio pretende actuar sobre esta situación tan gravosa para os cidadáns, buscando a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes unha liña de colaboración coa Asociación Nacional de Peritaxe Social para a elaboración dos informes periciais de traballo social solicitados polos xulgados de Galicia, de modo que se poida superar o atraso acumulado e atender eficazmente a demanda xerada.

A posibilidade da sinatura dun Convenio desta natureza coa Asociación Nacional de Peritaxe Social encádrase na capacidade das administracións públicas para poder celebrar convenios de colaboración con outras entidades públicas así como con persoas xurídicas suxeitas ao dereito privado, ao abeiro do disposto no artigo 4 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, e mais no Acordo do Consello da Xunta do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares, feito público por Resolución da Consellería de Economía e Facenda do 8 de abril de 1991.

O interese público do Convenio que se pretende asinar é indiscutible, en canto afectaría a procedementos de materias tan sensibles como as indicadas anteriormente, nos que a avaliación profesional da unidade familiar resulta imprescindible para o titular do órgano xudicial na toma de decisións ou fixación de medidas, acadando a través da utilización do Método Básico de Traballo Social localizar e, á súa vez, paliar os distintos prexuízos que poda experimentar o benestar social dos involucrados. A adecuación da Asociación Nacional de Peritaxe Social para servir a dita finalidade fundaméntase nos seguintes motivos:

- 1º.- Que aglutina aos profesionais do Traballo Social a nivel nacional.
- 2º.- Que entre os seus obxectivos está a procura da excelencia na realización de peritaxes no traballo social forense.
- 3º.- Que facilita a disposición dun ditame máis completo e máis fundado, o que en definitiva satisfará mellor as necesidades e logrará un maior poder de persuasión, sendo, fundamentalmente, máis útil.





4º.- Que o informe pericial do traballador social achega unha visión ampla e estudada da realidade, o que axuda a superar os prexuízos ou valoracións de tipo predictivo.

5º.- Que o traballo cobra un valor engadido ao ser obra dun experto imparcial, que requiriu dunha reflexión e un estudo previo e foi feito por un colexiado independente non suxeito a subordinación algunha.

6º.- Que se reduce o tempo de resposta e resolución nas circunstancias xa descritas, xa que o ditame pericial xoga un papel fundamental de arbitrio entre as partes, o que redundaría na diminución do custo total do procedemento a todos os niveis.

Debe destacarse que, en atención a todo o exposto e á importancia que obrigadamente debe outorgárselle aos intereses que se pretende protexer, os peritos encargados da elaboración destes informes serán coidadosamente seleccionados pola Asociación Nacional de Peritaxe Social entre aqueles profesionais que cumpran cos requisitos xurídico-administrativos para o exercicio profesional e que teñan formación e/ou especialización no ámbito xurídico, ademais de ter realizado actividades de similares características. Exercerán as súas funcións sempre a petición dos xulgados e tribunais, actuando no ámbito da súa disciplina con plena independencia e baixo criterios estritamente científicos, non podendo ser influenciado por ningunha das partes en conflito nin tutelado por un superior xerárquico que poda desvirtuar os principios ante os que debe responder o seu traballo.

Os ditames elaborados ao amparo do presente Convenio deben reflectir unha análise da faceta xurídica dos conflitos no seo da familia dende unha perspectiva social, afectiva, educativa, cultural e socio-económica, o que servirá para asesorar aos titulares dos órganos xudiciais na resolución dos asuntos, especialmente de haber menores involucrados. Tendo presente o fin social destas actuacións, o Convenio establece unhas contías máximas como compensación económica pola realización destes informes, garantindo, por unha banda: a axilidade que estes procedementos xudiciais demandan; por outra: a utilización racional dos recursos públicos, sen obviar os intereses lexítimos dos profesionais a quen se lles asignen a elaboración destes informes técnicos. É por isto que se establecen as compensacións económicas tomando en consideración non os prezos de mercado, senón a retribución media que lle outorga a Administración a un membro dun corpo para o que se esixa titulación similar á requirida pola materia de ditame, de acordo cos baremos establecido na Orde do 11 de xuño de 2018 pola que se determinan a contía e o procedemento de abono das probas periciais a cargo da Administración de Xustiza en Galicia.

**Finalidade:** Para os efectos sinalados, tense previsto formalizar coa Asociación Nacional de Peritaxe Social o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a súa sinatura ata o 31 de decembro de 2025.





O Convenio ten por obxecto establecer as bases da colaboración entre a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e a Asociación Nacional de Peritaxe Social para a realización, por parte da Asociación Nacional de Peritaxe Social, de informes periciais de traballo social a solicitude dos órganos xudiciais en Galicia.

**Financiamento:** Co fin de sufragar os gastos relativos ao nomeamento dos traballadores sociais que realizarán os informes periciais, a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes financiará á Asociación Nacional de Peritaxe Social ata un importe máximo de trinta mil euros (30.000,00 €), que será aboada á Asociación Nacional de Peritaxe Social do seguinte xeito:

- A Asociación Nacional de Peritaxe Social emitirá a correspondente certificación do cumprimento da finalidade para a que foi concedida a axuda, na que se detallan os informes periciais realizados. A Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes comprométese a aboarlle á Asociación Nacional de Peritaxe Social os gastos que deriven da elaboración dos informes periciais, cun pagamento máximo único a razón de seiscientos euros (600,00 €) por cada informe, que incluírá todos os gastos xerados pola intervención pericial. Se con posterioridade á encomenda xudicial dunha pericia, o órgano xudicial a deixase sen efecto e sempre que se acredite a súa iniciación, compensarase ao Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia ata un máximo dun 30% do importe do informe, en virtude do grado de execución.
- Ademais, a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes compensará á Asociación Nacional de Peritaxe Social pola organización da actividade realizada cunha cantidade de mil cincocentos euros (1.500,00 €).

Polo exposto, considérase xustificada a utilización do instrumento do Convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o dito Convenio fóra do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, con independencia de que, ao abeiro do previsto no artigo 4 da dita norma, lle sexan de aplicación os principios desta lei para resolver as dúbidas e lagoas que se puidesen presentar.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

**O director xeral de Xustiza**

**José Tronchoni Albert**

Dirección Xeral de Xustiza  
R/ Madrid 2-4, 2ª planta  
15781 Santiago de Compostela

